



Facultade de Ciencias do Mar
Universidade de Vigo

Regulamento para a realización de Prácticas Académicas Externas
(Aprobado o 23 de Julio de 2012 e modificado o 11 de marzo de 2014
en Xunta de Facultade)

1. Segundo o artigo 4 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas da Universidade de Vigo o centro establecerá os criterios polos que se rexerá a asignación de prácticas externas entre estudiantes e empresas, que deberá seguir os principios de transparencia, igualdad de oportunidades e obxectividade e solicitará a documentación requirida ao/a estudiante.
2. As prácticas externas, curriculares ou extracurriculares, poderán realizarse en entidades externas, e nos centros, estruturas ou servizos da universidade, segundo a modalidade prevista e garantindo que sirvan á sua finalidade formativa.
3. No caso de darse ofertas de prácticas co dobre carácter curricular e extracurricular, terá preferencia para a súa adxudicación o alumnado que realice prácticas curriculares.
- 4.- As prácticas externas curriculares pódense cursar como asignatura optativa de 6 ECTS en 3º ou 4º curso de grao en Ciencias do Mar. O alumno/a debe estar matriculado/a na materia vinculada segundo o Plano de Estudos.
- 5.- As prácticas externas curriculares serán titorizadas preferentemente polo profesor/a titor/a do PAT (plan de acción tutorial), quen en coordinación co titor/a da entidade colaboradora avaliará as prácticas realizadas polo alumno/a. Ademais o titor da entidade colaboradora non poderá ser profesor da titulación.
- 6.- O alumno contactará directamente coa empresa para a sua posible admisión.

O alumno/a antes do comezo da práctica entregará no Decanato o proxecto formativo desta, e terá que ter a aprobación do seu titor/a. Unha vez finalizada a práctica entregará unha memoria final e un informe do titor/a da entidade sobre a práctica realizada no modelo normatizado que será avaliada polo titor/a da Facultade que le asignará a nota numérica correspondente. O tutor Académico e responsable final da nota será o Tutor do Plan de Acción Tutorial (PAT).

O alumno/a deberá realizar 135 h de prácticas na entidade colaboradora. As 15 horas restantes serán para a elaboración da memoria do traballo realizado.

7. As prácticas externas extracurriculares se realizan con carácter voluntario e non forman parte do correspondente Plano de Estudos. Quedarán reflectidas no expediente académico, no Suplemento Europeo ao Título e en calquera outro documento acreditativo, e para facilitar o seu posible recoñecemento e/ou transferencia.

8. A tramitación e xestión das prácticas extracurriculares realizase pola Fundación Universidad de Vigo (FUVI). A Vicerreitoría con competencia en relacións internacionais poderá tramitar e xestionar prácticas extracurriculares no extranjeiro así como promover os convenios de coperación educativa correspondente.

9. O coordinador de prácticas realizará como función principal a coordinación na xestión de prácticas entre a área de Emprego e o centro.